




UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Mediante Resolución de data 12 de agosto de 1997 establecéronse os prazos para que os alumnos solicitasen a realización de traballos academicamente dirixidos, rematada a selección dos alumnos é necesario establecer un prazo de matrícula así como as características formais da resolución pola que se selecciona ós alumnos.

E POR TODO O EXPOSTO QUE ESTE RECTORADO RESOLVEU:

- 1º Os alumnos que foran seleccionados para a realización de traballos academicamente dirixidos no presente curso académico 97/98 poderán formalizar matrícula entre o 17 e o 28 de novembro.
- 2º A resolución dos Decanos ou Directores que faga pública a selección de alumnos deberá conter os seguintes extremos:
 - A) Nome do alumno.
 - B) Denominación do traballo para que foi seleccionado o alumno.
 - C) Número de créditos que se recoñecerán ó traballo. Neste punto deberase ter en conta o máximo de créditos que autorice o plano de estudos.
 - D) Determinar se os créditos que se recoñezan polos traballos academicamente dirixidos serán imputables a troncais, obrigatorios, optativos ou de libre configuración, según determinen os planos de estudos.
- 3º A resolución de selección de alumnos comunicárase o Vicerrectorado de Ordenación Académica e Titulacións antes do 10 de novembro.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 1997

O RECTOR

Darío Villanueva Prieto

A TÓDOLOS DECANOS E DIRECTORES DE CENTROS